

CLASES MAXISTRAIS

EXPERTO CONVIDADO E+

André B. Silva



12, 13, 14 e 15 de marzo de 2024

Auditorio David Russell
CMUS Profesional Vigo



En contacto coa música dende os 6 anos, comezou a súa carreira profesional no 2009.

En 2011, completou a súa formación profesional de jazz no *Hot Clube de Portugal* e, en 2015, o grao superior en Música, na especialidade de jazz, na ESMAE (*Escola Superior de Música Artes e Espectáculo*) de Oporto. Obtivo un máster en interpretación de jazz en 2020 no *Queens College* de Nueva York, onde residiu dous anos.

No 2012 fundou o grupo *The Rite of Trio* en colaboración con Pedro Alves e Filipe Louro. Con este grupo percorre o mundo e os principais festivais de jazz de Europa. Entre os más destacados encóntranse Milán, *12 Points Festival* en Dublín, *Jazzahead!* en Bremen, *Fresh Fish Festival* en Gante, *Ljubljana Jazz Festival*, *Joe's Pub* de Nueva York, *Festa do Jazz* e *Jazz em Agosto*, en Lisboa.

En 2020 lanzou *The Guit Kune Do*, coa discográfica *Porta-Jazz*. Con este grupo, xunto con outros catro guitarristas, baixo e batería, tocou por todo o país, incluíndo o *Festival Porta-Jazz*, *Portalegre Jazz Fest*, *Maia Jazz Festival* e *Pontevedra Jazz and Blues Festival*.

En 2019 gañou o apoio da fundación GDA (*Gestão dos Direitos dos Artistas*) para a publicación do proxecto *Mt. Meru*, lanzado en marzo de 2022. Este disco co apoio de Antena 2 reúne a un grupo internacional de nomes relevantes da nova xeración do jazz, navegando entre a música de cámara e a improvisación.

A sua carreira como profesor remóntase ao 2009 e ao longo da súa traxectoria impartiou clases na Escola de Jazz de Oporto e na Academia Valentim de Carvalho, onde continua a impartir docencia a día de hoxe.

CLASES MAXISTRAIS DE IMPROVISACIÓN E JAZZ

dirixidas a todo o alumnado de Grao Profesional.

O alumnado entregará na conserxería:

- folla de inscripción
- autorización de uso de imaxe asinada
- inscribirase en DÚAS SESIÓNS dunha lh.

Respectarase rigurosamente a orde de inscrición.

Horario da 1ª Sesión (escoller 1h entre)

MARTES: de 16:00 a 20:00

MÉRCORES: 12:00 a 13:00

Horario da 2ª Sesión (escoller 1h entre)

MÉRCORES: de 17:00 a 20:00

XOVES: de 12:00 a 13:00 e 16:00 a 17:00.

19:00: Recital, acto de clausura e entrega de diplomas aos participantes.

- O curso é **gratuito** e exclusivo para profesorado e alumnado do CMUS Profesional de Vigo.
- As clases serán en **portugués**.
- As ausencias por participación nesta actividade serán **xustificadas**.
- A actividade lectiva poderá ser trasladada ao auditorio.
- Acceso libre como **óintes**.
- O **prazo de inscrición** será dende o 22 a 28 de febreiro.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



Cofinanciado por
la Unión Europea

cmus Vigo
Conservatorio Profesional de Música